



Presentación. Polifonías do indómito: novos estudos literarios de xénero e sexualidades

Carme Fernández Pérez-Sanjulián¹

Recibido: 17 de decembro de 2025 / Aceptado: 18 de decembro de 2025

Resumo. Neste artigo preséntase o monográfico *Polifonías do indómito: novos estudos literarios de xénero e sexualidades*, resultado dun proceso de diálogo académico iniciado no encontro “Saberes en alianza” (Universidade da Coruña, maio de 2025). O volume reúne unha selección de traballos inéditos que combinan reflexións teóricas sobre xénero, sexualidade, nación e canon con estudos de caso centrados en poesía erótica e narrativa distópica contemporánea. En conxunto, as achegas propoñen novas vías de lectura crítica que sitúan os corpos, as subxectividades e as relacións sexoafectivas no centro dos estudos literarios galegos actuais.

Palabras chave: estudos de xénero; sexualidades; literatura galega; teoría queer; canon literario.

[es] Presentación. Polifonías de lo indómito: nuevos estudios literarios de género y sexualidades

Resumen. En este artículo se presenta el monográfico *Polifonías de lo indómito: nuevos estudios literarios de género y sexualidades*, resultado de un proceso de diálogo académico iniciado en el encuentro “Saberes en alianza” (Universidad de la Coruña, mayo de 2025). El volumen reúne una selección de trabajos inéditos que combinan reflexiones teóricas sobre género, sexualidad, nación y canon con estudios de caso centrados en poesía erótica y narrativa distópica contemporánea. En conjunto, las aportaciones proponen nuevas vías de lectura crítica que sitúan los cuerpos, las subjetividades y las relaciones sexoafectivas en el centro de los estudios literarios gallegos actuales.

Palabras clave: estudios de género; sexualidades; literatura gallega; teoría queer; canon literario.

[en] Presentation. Polyphonies of the Indomitable: New Literary Studies of Gender and Sexualities

Abstract. This article presents the monograph *Polyphonies of the Indomitable: New Literary Studies of Gender and Sexualities*, which emerged from an academic dialogue initiated at the conference “Saberes en alianza” (University of A Coruña, May 2025). The volume brings together a carefully selected set of original contributions that combine theoretical reflections on gender, sexuality, nation, and canon with case studies focused on erotic poetry and contemporary dystopian narrative. Taken as a whole, these contributions propose new critical approaches that place bodies, subjectivities, and sexo-affective relations at the centre of current Galician literary studies.

Keywords: Gender Studies; Sexualities; Galician Literature; Queer Theory; Literary Canon.

Como citar: Fernández Pérez-Sanjulián, Carme (2025): “Presentación. Polifonías do indómito: novos estudos literarios de xénero e sexualidades”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 28, e107543, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.107543>.

¹ Universidade da Coruña. Departamento de Letras. Grupo ILLA.
Correo-e: carme@udc.gal. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-8227-1298>.

No marco das actividades organizadas polo Grupo de Investigación Lingüística e Literaria (ILLA) da Universidade da Coruña, en maio de 2025 celebrouse un encontro de investigación que, baixo o título “Saberes en alianza: desafíos nos estudos literarios de xénero e das sexualidades”, tiña como obxectivo reunir a especialistas do ámbito dos estudos galegos para favorecer o intercambio de saberes, recursos e prácticas en relación co papel dos estudos queer, mais tamén, e sobre todo, para propiciar unha reflexión sobre a problemática específica e os desafíos que se presentan neste campo a respecto da cultura e literatura galegas contemporáneas. Do produtivo diálogo que alí se produciu xurdiu, entre outras propostas de colaboración, a idea dunha chamada para a publicación de traballos de investigación que fosen representativos das liñas que se están a desenvolver a día de hoxe na Galiza no marco dos estudos literarios de xénero e sexualidade.

Con estes antecedentes, a partir dunha rigorosa selección inicial das propostas recibidas, reforzada polo preceptivo e estrito proceso posterior de dobre revisión por pares cegos exixido pola revista, o monográfico que aquí se presenta, *Polifonías do indómito*, recolle un conxunto de traballos inéditos que poden ser cualificados como de indudábel interese.

Polifonías do indómito ábrese con dous artigos de carácter teórico. No primeiro, “Alianzas epistémicas necesarias: xénero, sexualidade e nación”, Helena González Fernández defende a necesidade de pensar a comunidade nacional desde a singularidade dos corpos empregando as ferramentas teóricas que ofrecen os estudos críticos de xénero/sexualidade. Nesta liña, tras facer unha revisión dos traballos que inician os estudos de xénero e sexualidade na Galiza a partir de 1976 e reflexionar sobre a potencia teórica destas achegas, a autora establece un prontuario de cuestións a ter en conta na confluencia xénero/sexualidade e nación e indaga nos desafíos que ofrecen os actuais debates sobre racialización e interseccionalidade. A seguir, continuando con esta liña de reflexión e, ao tempo, de formalización de propostas interpretativas que poidan responder aos interrogantes abertos, Mario Regueira en “Dicotomías, cánones e o queer ante a literatura galega”, revisa aspectos metodolóxicos xerais que formaron parte do desenvolvemento da idea de canon desde os estudos queer e

aproveita para os contrastar con algunhas das estratexias e exemplos específicos na historia da literatura galega, o que lle permite subliñar as problemáticas de encaixe que se presentan, así como a necesidade de relectura dalgúns dos nosos referentes.

No segundo bloque do monográfico preséntanse dous estudos de caso. Dunha banda, o artigo de Ánxela Lema París, “Subverter o erotismo poético: alumar a palabra que exclúe a mononorma”, organízase a partir da análise da recepción crítica de seis poemarios eróticos de diferente autoría publicados entre o ano 2000 e o 2010. A partir destes textos a autora estuda como o sistema monógamo e o biografismo interfíren como mediadores ideolóxicos na lectura da poesía erótica sexualizando as voces poéticas segundo o sistema sexo-xénero, a orientación sexual (sempre interpretada como monosexual) e a orientación relacional (asumida, practicamente na totalidade dos casos, como monógama) da figura autorial. Por outra, en “Reproducción transhumana: unha análise comparativa entre *Natura*, de Iolanda Zúñiga, e *The Growing Season*, de Helen Sedgwick”, a partir da utilización do marco teórico do transhumanismo, María Alonso Alonso presenta unha achega comparativa a esas dúas novelas, co propósito de analizar a lectura crítica que fan da utilización de úteros artificiais nas sociedades do futuro tanto Zúñiga como Sedgwick.

Para concluírmolos, permítasenos volver ao traballo que abre este monográfico e retomar unha parte das súas conclusións. Alí, a profesora Helena González subliña a alianza de saberes que conflúen nesta liña de estudos críticos cando afirma: “Os estudos de xénero e sexualidade en Galicia deron mostras de confluencia cos debates teóricos da contemporaneidade e, xa que logo, tamén cos estudos que pensan a nación.” De feito, engade, ofrecen a oportunidade de repensala “como comunidade de corpos, ou sexa, como encontro de diferenzas nun marco político, non xa como reduto esencializador”, unha suxestiva proposta interpretativa que demostra até que punto resulta imprescindible abrir novas liñas de lectura e análise crítica que teñan en conta a centralidade dos corpos, das subxectividades e das relacións sexoaffectivas á hora de enfrontarmos os estudos literarios na Galiza.